

NOME DA ACTIVIDADE

- **Fotografías**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Interacción entre os membros do grupo.
- Expresión oral das percepcións de cada un dos membros do grupo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado practique o galego oral a partir da reflexión sobre a visión dunha imaxe.
- Que o alumnado constrúa un discurso oral coherente enfiando as distintas percepcións dos membros do seu grupo.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- Cómpre que ningún dos/as alumnos/as se decate de que son anacos dunha mesma fotografía

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente forma parellas aleatoriamente. A cada unha destas parellas proporcionaráselles a metade dunha mesma fotografía.

Entre os membros da parella deben contar o que ven na imaxe que lles tocou. O que deben intentar é dar o maior número de detalles posibles sobre o que ven, para comprobar se chegan a ser conscientes de que teñen a mesma imaxe.

Despois farase unha posta en común sobre a reacción de cada unha das parellas e unha reflexión sobre a percepción individual das imaxes, do mundo e da realidade.

MATERIAIS PARA A FICHA



